



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 20 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00056628X

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00049696R.

Aprobación do expediente “Servizo de consultoría técnica para a redacción do Plan de Accesibilidade Integral da cidade de Santiago de Compostela” cun orzamento base de licitación de 99.992,13 euros.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do “Servizo de consultoría técnica para a redacción do Plan de Accesibilidade Integral da cidade de Santiago de Compostela” cun orzamento base de licitación de **99.992,13 euros** (base imponible de 82.638,12 euros e IVE do 21% por importe de 17.354,01 euros).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro. Autorizar un gasto total por importe de 99.992,13 euros que se imputa á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 2022 2 PARQ 3 070 43200 6400000 2020 PSTUR 61 1.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00020480H.

Imposición de penalidade a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA polo cumprimento defectuoso do contrato de prestación do Servizo de conservación e mantemento dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel do Hórreo.

Acórdase:

Primeiro.- Impoñer a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA unha penalidade por importe de 15.000,00 euros polo cumprimento defectuoso do contrato de prestación do *Servizo de conservación e mantemento dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel do Hórreo*.

A penalidade farase efectiva mediante dedución das cantidades que deban abonarse ao contratista no primeiro pago que se lle efectúe.

Segundo.- Notificar este acordo a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA, así como aos Servizos Economicos (Intervención Municipal e a Oficina Orzamentaria e Contabilidade).

4. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00056628X

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.

Acordo:

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/00039144Y.

CONTRATO: “Aprobación do expediente de contratación que ten por obxecto a tramitación dun contrato para a creación e o despregamento dun Centro de operacións e seguridade (SOC) , financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece ue «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

5. CONTRATACIÓN . Referencia: 2022/00039144Y

Aprobación do expediente de contratación: Contrato derivado do acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais, Lote 1: Servizos básicos, Goberno e Xestión da seguridade da información (Expte AMT-2021-0044), para a Creación e despregamento dun Centro de Operacións de seguridade (SOC) para o Concello de Santiago de Compostela. Financiado coa convocatoria 2021 de subvencións para proxectos de modernización de dixitalización no ámbito das administración das entidades locais (Orde TER/1204/2021), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación que ten por obxecto a tramitación dun contrato para a creación e o despregamento dun Centro de operacións e seguridade (SOC) cun orzamento base de licitación de **154.432,30 €** (base impositiva de 127.630,00 euros e IVE do 21% por importe de 26.802,30 euros). Segundo. Abrir ao abeiro do disposto nos artigos 219 a 222 da LCS o procedemento de adxudicación do dito contrato baseado no acordo marco formalizado pola AMTEGA o 20 de agosto de 2021 con TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA. A tramitación, adxudicación, formalización e execución do contrato baseado rexeráse polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares que rexen o Acordo Marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

Terceiro. Ordear o envío da invitación á única empresa adxudicataria do lote 1, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SA. e solicitarlle os seguintes servizos: Monitorización continua superficie exposición (vulnerabilidades): paquete de 30 enderezos IP (Inclúe Mellora 20 IP), Monitorización continua superficie exposición (probas penetración): paquete de 30 FQDNs (Inclúe Mellora de 10 FQDNs), Xestión de eventos e información de seguridade (SIEM): ampliación da capacidade de correlación en 5.000 EPS incluíndo un ano de soporte técnico do fabricante da plataforma e mantemento de licencias (se aplica), Resposta a incidentes especializada 24x7 e Consultaría alta especialización en seguridade: paquete de 50 horas.

Cuarto. Autorizar un gasto total por importe de 154.432,30 € que se imputará á aplicación 030 92001 6410001 (Código de 2022 2 NGINF 11 1 TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN) dos orzamentos municipais para 2022.

Quinto. Nomear responsable do contrato ao Director da Área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local e o Xefe de Servizo de Informática.

6. CONTRATACIÓN . Referencia: 2022/00055537T

Aprobación do expediente denominado Contrato privado de patrocinio de actividades de ocio dirixida ao público infantil e xuvenil nas datas do Nadal, apertura do procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria e aprobación do gasto.

Acórdase

Primeiro.- Aprobar expediente denominado *Contrato privado de patrocinio de actividades de ocio dirixidas ao público infantil e xuvenil nas datas do Nadal* e a apertura do procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

O orzamento base de licitación será de **50.000 €** (base impositiva de 41.322,31 € máis IVE do 21% por importe de 8.677,69 €).

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 50.000 euros, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 010 43200 2269900 coa seguinte desagregación:

ANO	IMPORTE
2022	37.500,00 €
2023	12.500,00 €
TOTAL	50.000,00 €

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

7. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00056127S

Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Veciños do rural de Santiago.

Acórdase:

- A aprobación da concesión directa de subvención á Federación de Asociacións de Veciños do Rural de Santiago (FERUSA) , conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- A aprobación do gasto por importe de **6.000,00 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 100 45400 4890001.
- Aprobación do texto do Convenio entre o Concello de Santiago e a Federación de Asociacións de Veciños do Rural de Santiago (FERUSA) para o financiamento das actividades pola defensa dos intereses veciñais.

8. EMPREGO. Referencia: 2022/00054816S

Subscrición dun convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2022.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2022, que consta de nove páxinas mais anexos, estruturadas nun apartado relativo ás partes intervenientes e co carácter con que o fan; un expoñendo con nove apartados; e nove cláusulas contendo os pactos aos que as partes se comprometen a chegar, e cuxo obxecto é establecer a colaboración entre o concello de Santiago a través da Axencia Local de Colocación e COGAMI para o desenvolvemento dun programa experimental de emprego.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de **15.000 euros** (quinze mil euros) que conleva a execución deste convenio con cargo á partida 010-24100-4890001 do orzamento municipal para o ano 2022, con número de operación RC 220220034742, a favor da Confederación Galega de persoas com discapacidade (COGAMI).

TERCEIRO.- Facultar á alcaldía para a sinatura dos documentos necesarios para a súa formalización.

CUARTO.- Trasladar o presente acordo aos interesados/as e aos servizos económicos para os efectos procedentes.